

## **PROGRAMACIÓN CURSO 2021/2022 PICOÑA**

### **CONTEXTUALIZACIÓN**

Esta programación está destinada a un grupo de 7 alumnos e alumnas, dos cales:

- Dous son de 4º de educación infantil.
- Dous son de 5º de educación infantil.
- Tres son de 6º de educación infantil.

O centro no cal se vai a desenvolver é a aula de Picoña, unha das sete unitarias que neste curso forman parte do C.R.A. Raíña Aragonta situado no concello de Salceda de Caselas. Teño en conta para a súa elaboración o currículo da educación infantil que en Galicia se desenvolve a través do Decreto 330/2009 do 4 de xuño.

### **OBXETIVOS**

- Coñecer o seu corpo e o das outras persoas, as súas posibilidades de acción e aprender a respetar as diferenzas.
- Observar e explorar o seu contorno familiar, natural e social.
- Fomentar a igualdade de xénero, desenvolvendo actitudes non sexistas.
- Adquirir unha progresiva autonomía nas súas actividades habituais.
- Relacionarse cos demais e aprender as pautas elementais de convivencia.
- Desenvolver as habilidades comunicativas en diferentes linguaxes e formas de expresión.
- Iniciarse nas habilidades lóxico-matemáticas e na lecto-escritura.

### **CONTIDOS**

Os contidos fan referencia a conceptos, procedementos e actitudes de forma globalizada tomando como referente as tres áreas que configuran o currículo da educación infantil: coñecemento de si mesmo e autonomía persoal, coñecemento do entorno e linguaxes: comunicación e representación.

### **ACTIVIDADES**

O obxectivo principal das actividades será que teñan en conta as necesidades e intereses dos nenos e nenas da miña aula. Ademais de perseguir un desenvolvemento das súas capacidades, que sexan potencialmente significativas, que faciliten a interacción adulto-neno ou nena e entre iguais, que integren contidos de diferente tipo e que estimulen a participación, a solidariedade e a non discriminación.

## **AVALIACIÓN**

A avaliación será global, continua e formativa. Levarase a cabo unha avaliación inicial, tanto ao comezo do curso como ao comezo de calquera actividade nova sexa relativa á lecto-escritura, á lóxico-matemática ou ao proxecto que ao longo do curso se levará a cabo. A principal técnica de avaliación será a observación directa sobre os propios alumnos. Terei especialmente en conta, á hora da avaliación, os seguintes criterios:

- Grao de adquisición dos obxetivos que se establezan en cada actividade.
- Nivel de motivación e interese pola participación nas diferentes actividades.
- Capacidade para relacionarse cos demais. Tanto cos seus compañeiros como cos adultos.
- Capacidade para usar e comprender a linguaxe nas súas diferentes formas.

## **METODOLOXÍA**

Teño en conta ao elaborar esta programación o xogo posto que a linguaxe mais natural coa que conta o neno, e por iso todas as actividades son propostas dun xeito lúdico.

Á hora de traballar, o alumnado só contan cun caderno de lóxico-matemática e un de lectoescritura elaborados por min como titora. Estes serven de complemento ao traballo na aula que en todo momento se centrara nos intereses dos nenos e por iso non conto con ningún outro material. Ao longo do curso, traballaremos o proxecto “A volta ao mundo”, que foi unha temática que xurdiu dende o equipo de biblioteca. As actividades coas que desenvolvevo non podo programalas a priori posto que van a depender das necesidades e inquietudes dos nenos, e serán eles quen vaian dirixindo o proxecto. Para levalo a cabo, irei elaborando materiais segundo sexa preciso e convinte.

Na etapa de educación infantil, ten unha gran importancia a colaboración coas familias e por iso en todo momento se procurará a interacción familia-escola. Traballaranse ademáis temas transversais de grande importancia como son: educación ambiental, educación do consumidor e a educación para a saúde.

## **ORGANIZACIÓN DO ESPAZO**

A aula organizarase en zona de traballo e zona de xogo. A zona de traballo empregarase tanto en casos de traballo individual como de traballo grupal. En canto a zona de xogo organizarase por recunchos nos cales os nenos e nenas interactúen, investiguen e satisfagan as súas necesidades de xogo,

comunicación e relación. Este curso seguimos tendo presentes as medidas recollidas no protocolo COVID-19 á hora de organizar o espazo da aula. Tanto nas zonas de traballo como nas de xogo, o espazo e o material deste será convintemente desinfectado.

### **ORGANIZACIÓN DO TEMPO**

A organización temporal é moi flexible para adaptarse ós diferentes ritmos dos alumnos e alumnas, os seus períodos de fatiga e descanso. No desenvolvemento da xornada escolar combinaranse tempos de rutinas cos tempos de actividades específicas, segundo as súas características e necesidades. Así, a xornada escolar seguirá a seguinte secuencia: rutinas de entrada (saúdo, panel de presencias e ausencias...), traballo de mesa, rutinas de hixiene, merenda, patio, traballo nos recantos, recollida de material e despedida.

### **ATENCIÓN Á DIVERSIDADE**

A maioría das diferenzas apreciáveis na aula son en principio debidas a distintos niveis de desenvolvemento polo que se propoñen para a súa compensación actividades de reforzo e ampliación.

### **ACTIVIDADES PROPOSTAS PARA ALTERNATIVA Á RELIXIÓN**

Traballaranse actividades relacionadas cos valores así como outras nas que discernir entre actividades positivas na nosa vida cotiá e actividades negativas e/ou contraproducentes.

### **PLANIFICACIÓN DA LABOR EDUCATIVA EN ESCENARIOS DIFERENTES AO PRESENCIAL**

No referido á atención educativa do alumnado da aula de Picoña nos escenarios que impliquen unha atención diferente da establecida con carácter xeral para o ensino presencial, seguirase o establecido no apartado correspondente da PXA: PLANIFICACIÓN DA LABOR EDUCATIVA NOS DIFERENTES ESCENARIOS.